

A caza estivo presente na pasada Feira Multisectorial de Silleda

Dos días 11 ao 14 de xuño tivo lugar a Semana Verde de Galicia 09

Na 32ª edición da Feira Internacional Semana Verde de Galicia celebrada entre os días 11 e 14 de xuño, a caza estivo presente nunha área exclusiva adicada a dita actividade cinexética.

Zamorcaza, Cinexética Monteagudo, Granxa Cinexética El Valle, Monteiros Galaicos e a Federación Galega de Caza foron algúns dos stands que estiveron alí presentes. O visitante que se achegou a dita área tivo a posibilidade de ver coellos e perdices para repoboacións, contratar monterías así como adquirir todo tipo de material relacionado coa actividade cinexética, dende roupa ata remolques para cans.

No stand da FGC os visitantes recibían información sobre todo o relacionado coa caza en Galicia tales como material gratuito para a seguridade na caza, así como libros sobre diversos aspectos relacionados coa actividade cinexética: manuais do cazador, libros sobre o coello e o raposo, DVDs da recuperación da caza menor en Galicia, exemplares da revista Galicia Cinexética, entre outros.

O paso esta dado e espérase por parte da organización que a área de caza e pesca adquira nas vindeiras edicións un maior peso en canto ao número de stands, xa que a afluencia de visitantes foi moi numerosa.

